



INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS Ó SISTEMA DE XESTIÓN E AUDITORÍA MEDIOAMBIENTAL

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 3 de decembro do 2009, **GRUPO TRAGSA**, co C.I.F. A28476208 situado en Vía Pasteur, 29-31 do polígono industrial do Tambre en Santiago de Compostela, solicitou a súa inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medioambiental.

Segundo.- Coa solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medioambiental, achega copia da declaración ambiental validada por, AENOR, con data 3 de xullo do 2009, e o anexo VIII do Regulamento (CE) nº 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello de data 19 de marzo de 2001 polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), modificado polo Regulamento (CE) nº 196/2006 da Comisión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A competencia para a inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental corresponde a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 7 e seguintes do Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental e 13.2.2 do decreto



316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

SEGUNDO.- Para a presente inscrición seguiuise o procedemento establecido no artigo 13 do Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental.

TERCEIRO.- , queda sometido o cumprimento das obrigas establecidas no devandito Decreto 185/1999, e no Regulamento (CE) nº 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello de data 19 de marzo de 2001 polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), modificado polo Regulamento (CE) nº 196/2006 da Comisión e demais normativa de aplicación.

Neste sentido indicar que o centro que se inscribe no Rexistro por medio da presente resolución debe cumprir coa lexislación ambiental, podendo, no caso contrario, esta Secretaría Xeral proceder á cancelación ou suspensión da inscrición.

Vistos os preceptos citados e demais de pertinente aplicación,

RESOLVO

Inscribir co Nº ES-GA-000274 ao GRUPO TRAGSA, co C.I.F. A28476208 situado na Vía Pasteur, 29-31 do polígono industrial do Tambre en Santiago de Compostela, no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medio Ambiental, con alcance para este centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



AA/cdf
XACOBEO 2010
Galicia

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante o Conselleiro de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro do 2010

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta